

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 9 – Novembro 2014

Novidades | Dispoñibles as actas do segundo seminario



Baixo o título 'A inclusión socio-territorial. Análise de experiencias a prol duns territorios inclusivos, intelixentes e sustentables', o pasado xuño celebrouse en Santiago o Segundo seminario do Proxecto Symbios. Nas actas pódense consultar as diferentes intervencións e os resultados da reflexión en grupo. Máis información [aquí](#).

Recursos Symbios



Humor

Oportunidades económicas compatibles coa conservación nas áreas de montaña.

[Ler máis na web](#)



Rede de rexións

A DCRN fórmana rexións europeas afectadas polo cambio demográfico, entre elas Galicia.

[Ler máis na web](#)




Nova visita de estudo

Con motivo da Convención de Euromontana, Symbios visitou iniciativas na montaña vasca.

[Ler máis na web](#)

Materialis



Estudo Aldea do Couto

Symbios promoveu unha investigación sobre a recuperación sostible da aldea.

[Ler máis na web](#)

Info-Ancares


Web para dinamizar a comunicación na montaña lucense, é parte de Symbios.

[Ler máis na web](#)

Participación municipal

Symbios lanzou unha consulta técnica ás corporacións locais sobre os retos do cambio demográfico.

A entrevista. Ángeles López Agüera. Grupo de Aplicacións Enerxéticas Sostibles da USC.



As cuestións abordadas no estudo e a experiencia na aldea do Couto, en Ponteceso (A Coruña) é transferible a outras realidades de Galicia?

Si, sen dúbida e non só para Galicia. De feito, o protocolo empregado na experiencia da aldea do Couto, é o xeral desenvolvido para todos os proxectos de Comunidades Sustentables da Unesco. O modo de avaliación é absolutamente transferible xa que se basea na planificación das diferentes actuacións que permitan explotar os recursos propios por medios apropiados. É xustamente esa explotación a que vai permitir reactivar as poboacións en risco revertendo as situacións de carencia e convertendo as aldeas nunha opción

sólida e viable para a xente que queira establecerse de forma permanente na zona.

No estudo preséntanse propostas concretas de actividades económicas a desenvolver. Que condicións son necesarias para que ditas propostas se fagan realidade?

En realidade fanse necesarias un conxunto de condicións. Por suposto e para empezar, fanse necesarias iniciativas públicas ou privadas e, se é posible, co apoio de políticas pro-activas que as fomenten. En paralelo, formación das persoas e apoio, seguimento e avaliación das iniciativas. De feito, o grupo de investigación que coordino especializouse nesas tarefas de apoio que identificamos como cruciais á hora de darlle sustentabilidade ás actuacións. No caso específico do proxecto do Couto, debería ser máis sinxelo xa que existe un grupo de acción local, a Fundación Eduardo Pondal, cunha ampla traxectoria na aldea, que podería actuar como aglutinante.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)